

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS

*Decreto 232/1993, do 30 de setembro, polo que se regula o control de calidade da edificación na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de vivenda (artigo 27.3º do Estatuto de autonomía). Por Real decreto 1.926/1985 traspasáronse á Comunidade Autónoma funcións e servizos relativos, entre outros, o control de calidade da edificación.

A Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, atribúelle a este organismo as funcións relativas á inspección e control de calidade da edificación (art. 4.1.s.).

Dentro deste marco competencial, e en desenvolvemento da previsión legal citada, procede iniciarlle a regulación do control de calidade da edificación en Galicia.

Durante estes últimos anos é notoria unha crecente preocupación por parte de tódolos axentes públicos e privados pola calidade da edificación.

Por outra parte, a promulgación dunha norma comunitaria e estatal que estableza a obrigatoriedade dun seguro da edificación que responda dos danos producidos nela e garanta a calidade do proceso constructivo, vense retrasando sistematicamente.

Co obxecto de velar e garantir a calidade da execución da obra edificatoria en tódolos ámbitos, a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, obrigará a que os proxectos de execución daquela inclúan na súa memoria un anexo de control de calidade no que se recollan as características e requisitos que deberán cumprilos materiais e unidades de obra, así como o presuposto de control de calidade, sendo necesario acreditar a realización do dito control para a obtención do certificado final de obra.

Así mesmo, cómpre contratar os servizos dun laboratorio acreditado que cumpra os requisitos de independencia e obxectividade.

Finalmente outórgaselle ó IGVS a facultade inspectora, de oficio ou por instancia de parte, para calquera obra en execución dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de setembro de mil novecentos noventa e tres,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

En tódalas obras de edificación que se fagan no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia realizarase

un control de calidade que se determina como obrigatorio neste decreto e nas disposicións que o desenvolven.

#### Artigo 2º

Os proxectos de execución das obras de edificación incluírán na súa memoria un anexo co título «Control de calidade» no que se especificarán:

—As características e requisitos que deberán cumprilos materiais e unidade de obra integrantes do proxecto, de conformidade coas disposicións xerais vixentes de obrigado cumprimento, as normas que desenvolvan o presente decreto e cos criterios que adopte o redactor do proxecto.

—Presuposto do control de calidade, indicando o custo de cada un dos ensaios ou probas previstas.

#### Artigo 3º

A realización dos ensaios, análises e probas de servizo necesarias, deberán realizarse por un laboratorio autorizado que dispoña de acreditación concedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, de conformidade co Decreto 441/1990, do 6 de setembro, o de acreditación concedida por outra Administración pública, sempre que se axusten ás disposicións reguladoras xerais para a acreditación de laboratorios, que en cada caso lle sexan de aplicación.

#### Artigo 4º

O Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá inspeccionar de oficio ou por instancia de parte calquera obra en execución dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, para velar polo cumprimento do establecido no presente decreto.

#### Artigo 5º

Unha vez finalizada a obra, a dirección facultativa expedirá un certificado de control de calidade ó que xuntará toda a documentación orixinada no proceso de execución de control de calidade, ensaios, controles e probas de servizo realizados, así como os criterios e as ordes que se van seguir en canto á aceptación ou non de materiais ou unidades de obra, no caso de resultado de ensaios discordes coa calidade definida no proxecto, libro de ordes e incidencias e os certificados de orixe, marcas ou selos de calidade daqueles materiais que os tiveran.

#### Artigo 6º

Para a expedición do certificado final de obra presentaranse, no colexio oficial correspondente á dirección facultativa, o certificado de control de calidade e a documentación adxunta citada no artigo anterior.

#### Artigo 7º

Nas obras promovidas ou que se realicen en todo ou en parte con financiamento da Administración autonómica utilizaranse, preferentemente, materiais ou produtos que dispoñan dunha marca, selo ou certificación de calidade recoñecida.

Os controles de calidade destes produtos poderán reducirse nos termos que se determinen.

**Artigo 8º**

As actuacións dos laboratorios acreditados non surtirán efecto en relación coas obras realizadas polas empresas ou persoas físicas propietarias dos laboratorios ou que teñan participación no capital da persoa xurídica ou entidade titular delas.

**Disposicións transitorias**

Primeira.—A presente disposición seralles de aplicación ás obras de vivendas de protección oficial que non contén coa solicitude de cualificación provisional antes da data da súa entrada en vigor.

Segunda.—A presente disposición seralles de aplicación ás vivendas de réxime libre para as obras que non dispoñan de solicitude de licencia municipal antes da data da súa entrada en vigor.

Terceira.—Inicialmente, e sen prexuízo da súa futura vixencia na totalidade de ámbito a que se refire o artigo 1, o presente decreto será de obrigado cumprimento, naquelas obras cun presuposto total de contratación, IVE incluído, que supere os 50 millóns de pesetas, reservando ó fundado criterio da dirección facultativa das obras a súa aplicación en obras de menor presuposto.

**Disposicións derradeiras**

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dictar cantas disposicións coide necesarias en desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, trinta de setembro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Cuña Crespo  
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA****Cesamentos:**

*Decreto 233/1993, do 30 de setembro, polo que se dispón o cesamento de Xoán M. Bugallo Sánchez como presidente do Consello da Xuventude de Galicia.*

Efectuada pola asemblea xeral do Consello da Xuventude de Galicia, na súa sesión do 17 de abril de

1993, a elección do presidente do dito consello, resulta necesario proceder ó cesamento do seu anterior titular en virtude da proposta da devandita asemblea.

Polo exposto, por proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de setembro de mil novecentos noventa e tres,

**DISPOÑO:**

O cesamento de Xoán M. Bugallo Sánchez como presidente do Consello da Xuventude de Galicia, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, trinta de setembro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

**Nomeamentos:**

*Decreto 234/1993, do 30 de setembro, polo que se nomea presidente do Consello da Xuventude de Galicia a Emilio González Avión.*

Efectuada pola asemblea xeral do Consello da Xuventude de Galicia, na súa sesión do 17 de abril de 1993, a elección do presidente do consello, resulta necesario que, de conformidade co establecido no artigo 18.3º da Lei 2/1987, do 8 de maio, o Consello de Xuventude de Galicia proceda ó nomeamento daquel en virtude da proposta da devandita asemblea.

Polo exposto, por proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de setembro de mil novecentos noventa e tres,

**DISPOÑO:**

Nomear a Emilio González Avión presidente do Consello da Xuventude de Galicia.

Santiago de Compostela, trinta de setembro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública